

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2017/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo	Extraordinaria urxente
Convocatoria	Motivo: «NECESIDADE DE INCLUÍR NA PRÓXIMA NÓMINA OS RECOÑECEMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITOS APROBADOS POR ACORDOS PLENARIOS QUE SE RECTIFICAN NESTA SESIÓN, ASÍ COMO A URXENCIA NA CESIÓN DA PARCELA DA BAIUCA AO SERGAS PARA DAR COMEZO Á CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE»
Data	21 de setembro de 2017
Duración	Desde as 20:41 ata as 21:31 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretario	LUCIA ARTIME ALONSO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ

Concello da Estrada



52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS (incorporado ás 21:10 h)	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

PRONUNCIAMENTO, SE PROCEDE, SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para explicar os motivos que xustifican a urxencia desta sesión, sendo estes a necesidade de corrixir os acordos plenarios adoptado na sesión anterior de 7 de setembro, polos que se aprobaban os expedientes 1/2017 e 2/2017 de recoñecemento de créditos, para proceder á súa tramitación, sobre todo na necesidade de recoller certos gastos de persoal na próxima nómina.

Por outra banda a urxencia ven determinada pola solicitude do Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galicia para a pronta cesión da parcela da Baiuca co gallo de iniciar o procedemento de licitación para a construción do novo Centro de Saúde.

Sometida a urxencia a votación, esta é aprobada polos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e MÓVETE e coa ausencia do concelleiro do BNG.



APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 7 DE SETEMBRO DE 2017

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 20, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1

Dada conta da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 7 de setembro de 2017, apróbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 3289/2017. RECTIFICACIÓN DOS ACORDOS PLENARIOS ADOPTADOS EN SESIÓN DO 7 DE SETEMBRO DE 2017, RELATIVOS Á APROBACIÓN DOS EXPEDIENTES NÚMEROS 1/2017 E 2/2017 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 19, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 1

A voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, pide que sexa corrixido na relación que consta no ditame da Comisión Informativa de Facenda referente ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 2/20017 o apelido do traballador D. José Antonio Álvarez Bascuas, xa que é D. José Antonio Álvarez Vázquez.

O Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, di que xa foi corrixido .

O **Sr. Alcalde** pide que conste en acta a dita corrección, de xeito que na relación que se anexa a esta acta vaia corrixido dito apelido.

Non habendo máis intervencións, adóptase, polos votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, a abstención de MÓVETE e coa ausencia do concelleiro do BNG, o seguinte **ACORDO**:

Visto o informe emitido con data 15/09/2017 polo Técnico de Administración Xeral do departamento de Intervención sobre os erros aritméticos e de omisión advertidos nos acordos plenarios do 7 de setembro de 2017 (derivados de previos erros na proposta e ditame da Comisión Informativa correspondente) aprobatorios dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos números 1/2017 e 2/2017:

I. No expediente nº 1/2017.-

- O total do cadro das indemnizacións por asistencias ao tribunal de probas selectivas figura por 920,00 euros, cando a suma correcta deses importes é de **1.517,76 euros**.

- A contía global do expediente ascende a **189.005,36 euros** e non aos 188.407,60 euros con que figura aprobado, por efecto do erro anterior.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



II. No expediente nº 2/2017.-

- Na proposta sobre os complementos a favor do persoal da Policía local debidos á cesión horaria de 2015 omitiuse a D. Javier Miguéns Magariños, cunha contía de 901,24 euros.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda, asinada con data 15/09/2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda en sesión do 18/09/2017, e tendo en conta o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Rectificar, nos seguintes termos, o acordo plenario do 7 de setembro de 2017 de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2017:

O segundo parágrafo da parte resolutiva, que di:

"2º.- Aprobar o expediente número 1/2017 de recoñecemento extraxudicial de créditos por un total de 188.407,60 € a favor dos acredores e nas contías individualizadas que se detallan na relación que se xunta á presente acta como ANEXO Nº 1."

Queda deste modo redactado:

"2º.- Aprobar o expediente número 1/2017 de recoñecemento extraxudicial de créditos por un total de 189.005,36 € a favor dos acredores e nas contías individualizadas que se detallan na relación que se xunta á presente acta como ANEXO Nº 1."

Segundo.- Rectificar o anexo referido no acordo plenario do 7 de setembro de 2017 aprobatorio do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2017 ao respecto das indemnizacións por asistencias a tribunais para selección de persoal,cuxa táboa queda como se establece no ANEXO Nº 1 á acta desta sesión.

Terceiro.- Rectificar o anexo referido no acordo plenario do 7 de setembro de 2017 de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2017 ao respecto dos complementos de produtividade do persoal da Policía local debidos á cesión horaria de 2015, cuxa táboa queda como se establece no ANEXO 2 á acta desta sesión.

Expediente 3263/2017. RECTIFICACIÓN PUNTUAL DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS REFERIDA ÁS PARCELAS AFECTADAS POLO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E POSTERIOR CESIÓN GRATUÍTA AO SERGAS.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



A favor: 20, En contra: 0, Abstencións: 0,
Ausentes: 1

Para explicar este asunto outórgase a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, que comeza dicindo que, como consecuencia do Plan Especial Dotacional da Baiuca, procedeuse á súa reparcelación sendo necesario inscribir como bens patrimoniais unha serie de parcelas e como bens demaniais outras, dando de baixa as parcelas matrices no Inventario municipal.

Pide a palabra a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, pedindo que ditas correccións sexan feitas o antes posible, pero sen esquecer que é necesario actualizar o Libro de Inventario de Bens.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, trasladando que é importante e necesaria a pronta actualización do Libro de Inventario.

O **Sr. Alcalde**, en resposta ás anteriores intervencións, di que coincide na necesidade de actualizar o Libro de Inventario, sendo urxente solucionar este problema, sen embargo, independentemente deste aspecto, a modificación que se trata neste punto habería que facela igual.

Non habendo máis intervencións, adóptase, polos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e MÓVETE, e coa ausencia do concelleiro do BNG, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Providencia da Alcaldía de data 14/09/2017.

Visto o informe emitido con data 14/09/2017 pola Sra. Secretaria.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda, asinado con data 14/09/2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 18/09/2017.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a rectificación puntual do Inventario municipal de Bens e Dereitos pertencentes a este Municipio, referido ás parcelas afectadas polo expediente de desafectación e posterior cesión gratuíta á Xunta de Galicia (SERGAS) da propiedade da Parcela Estadio 4 segregada para a construción do novo Centro de Saúde e a cesión de uso, tamén á Xunta de Galicia, para a construción da Escola Infantil da parcela Estadio 1.

Segundo.- Dar de alta no Inventario municipal de Bens do Concello da Estrada coa cualificación de ben patrimonial, as seguintes parcelas coas características que se expoñen de seguido:

Parcela : Estadio 1

Ref. Catastral 2565055NH4226N0001UX

Concello da Estrada



Superficie: 2548 m²

Lindeiros: Norte Avda de Benito Vigo (N-640) e a ref. Catastral 2565008NH4226N0001KX, propiedade de D. Juan Francisco Gestoso Pazo; Sur coa ref. Catastral 2565056NH4226N0001HX, propiedade do Concello da Estrada; Leste a ref. Catastral 2565057NH4226N0001WX de titularidade Concello da Estrada; e Oeste coa ref. Catastral 2565012NH4226N0001RX, propiedade do Concello da Estrada, a ref. Catastral 2565007NH4226N0001OX, propiedade de D. Marcelino Gestoso Tarrío e a ref. Catastral 2565008NH4226N0001KX, propiedade de D. Juan Francisco Gestoso Pazo.

Ben de carácter patrimonial

Uso: dotacional - educativo

Valor:

Parcela: Estadio 4 segregada,

Ref. Catastral 2565059NH4226N0001BX

Superficie: 4262 m²

Lindeiros: Norte Avda Benito Vigo (N-640); Sur e Leste a ref. Catastral 2565058NH4226N0001AX, titularidade Concello da Estrada; e Oeste a ref. Catastral 2565057NH4226N0001WX, titularidade Concello da Estrada.

Ben de carácter patrimonial

Uso: dotacional – sanitario

Valor:

Terceiro.- Dar de alta no Inventario municipal de Bens do Concello da Estrada coa cualificación de ben demanial, das seguintes parcelas coas características que se expoñen de seguido:

Parcela: Estadio 2

Ref. Catastral 2565056NH4226N0001HX

Superficie: 2840 m²

Lindeiros: Norte coa parcela ref. Catastral 2565055NH4226N0001UX, propiedade do Concello da Estrada; Sur coa Avda da Torre; Leste coa ref. Catastral 2565057NH4226N0001WX, titularidade Concello da Estrada; Oeste coa ref. Catastral 2565012NH4226N0001RX, titularidade Concello da Estrada.

Ben de carácter demanial

Uso:

Valor:

Concello da Estrada



Parcela: Estadio 3

Ref. Catastral 2565057NH4226N0001WX

Superficie 2174 m²

Lindeiros: Norte con Avda de Benito Vigo (N-640); Sur Avda da Torre; Leste a ref. Catastral 2565059NH4226N0001BX, titularidade Concello da Estrada e a ref. Catastral 2565058NH4226N0001AX, titularidade Concello da Estrada; e Oeste a ref. Catastral 2565055NH4226N0001UX, propiedade do Concello da Estrada e a ref. Catastral 2565056NH4226N0001HX, titularidade Concello da Estrada.

Ben de carácter demanial

Uso:

Valor:

Parcela: Estadio 4 matriz,

Ref. Catastral 2565058NH4226N0001AX

Superficie 7696 m²

Lindeiros: Norte coa Avda Benito Vigo (N-640), a ref. Catastral 2565047NH4226S0001IU, titularidade Concello da Estrada e a ref. Catastral 2565048NH4226S0001JU, titularidade Concello da Estrada; Sur Avda da Torre e a ref. Catastral 2565054NH4226S0000BY, propiedade de D. Cristobal Touceda Barreiro e ref. Catastral 2565011NH4226N0001KX, propiedade de Unión Fenosa Distribución S.A.; Leste ref. Catastral 2565054NH4226S0000BY, propiedade de D. Cristobal Touceda Barreiro, a ref. Catastral 2565047NH4226S0001IU, titularidade Concello da Estrada e a ref. Catastral 2565048NH4226S0001JU, titularidade Concello da Estrada; Oeste a ref. Catastral 2565059NH4226N0001BX, titularidade Concello da Estrada e a ref. Catastral 2565057NH4226N0001WX, titularidade Concello da Estrada.

Ben de carácter demanial

Uso:

Valor:

Cuarto.- Dar de baixa no Inventario Municipal de Bens ás parcelas matrices da que derivan todas estas parcelas unha vez procedida a segregación das mesmas, inscritas no Inventario de Bens do Concello da Estrada coa seguinte descrición:

a) Co número de orden 10, o inmovible que se describe a continuación:

- Nome da finca: Campo de la Bayuca.
- Natureza do inmovible: Urbano.
- Situación: En La Bayuca, desta vila e parroquia da Estrada

Concello da Estrada

- Lindes: Norte: en liña de 116 m. Con prolongación da Rúa Nº 2 e cuxos colindantes por ese vento son: Hds de Marcelino Gestoso, Manuel Esmorís, Hdos de Rosa Esmorís, Hdos de Ramiro Vidal e Hdos de José Nodar Carbón; Sur: estrada á Torre de Guimarei e Manuel Touceda e Enrique Coto, Hdos de María Bouzón, Josefa Bouzón, Benjamín Lois e Manuel Pazos; Leste: Hdos de Ramiro Vidal e Hdos de José Nodar Carbón; e Oeste: máis de Hdos de Marcelino Gestoso e parcela que segregou a finca nº 30.735.
- Superficie: Dúas héctareas, trece áreas e once centiáreas.
- Características, noticias sobre a súa construción e estado de conservación (para edificios): Este inmovible forma un polígono irregular de sete lados, pechado sobre si, con muro de columnas e bloques de cemento.
- Natureza do dominio: Servizo público.
- Título en virtude do cal se atribúe ao Municipio: Por merca e expropiación a varios propietarios..
- Inscripción no Rexistro da Propiedade: ao Tomo 370, Libro 278, Folios 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14. Fincas 30.735, 30.736, 30.737, 30.738, 30.739, 30.740, 30.741, 30.742 e 30.743, Inscripción 1ª.
- Destino: Campo Municipal de Deportes.
- Dereitos reais constituídos ao seu favor: Ningún
- Dereitos reais que graven a finca: Ningún
- Dereitos persoais constituídos en relación coa mesma: Ningún.

b) Co número de orden 11, o inmovible que se describe a continuación:

- Nome da finca: Campo de la Bayuca.
- Natureza do inmovible: Urbano.
- Situación: En La Bayuca, desta vila e parroquia da Estrada
- Lindes: Norte: Hdos de Marcelino Gestoso; Sur: estrada ou pista ao lugar da Torre en Guimarei; Leste: En liña de 67 m co peche do Campo de Deportes; e Oeste: máis de Hdos de Marcelino Gestoso.
- Superficie: Doce áreas, sesenta e cinco centiáreas.
- Natureza do dominio: Servizo público.
- Título en virtude do cal se atribúe ao Municipio: Por merca en parte e propiedade do Concello.
- Inscripción no Rexistro da Propiedade: ao Tomo 370 Libro 278, Folios 6. Finca 30.735, Inscripción 1ª.
- Destino: Como anexo ao Campo de Deportes destinado a zona de aparcamento de vehículos, e ten forma triangular.
- Dereitos reais constituídos ao seu favor: Ningún.
- Dereitos reais que graven a finca: Ningún.
- Dereitos persoais constituídos en relación coa mesma: Ningún

Expediente 3221/2017. CESIÓN GRATUÍTA DO BEN INMOBILE "PARCELA - ESTADIO 4" SEGREGADA A FAVOR DO SERGAS PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 20, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1



O Concelleiro e voceiro do Partido Popular, **D. Alberto Blanco**, explica que co acordo que se propón adoptar neste punto finaliza a tramitación previa para dar cumprimento ao Convenio asinado co SERGAS, consistente na cesión da Parcela 4 – Segregada da zona da Baiuca ao fin de iniciar o procedemento para a construción do novo Centro de Saúde, facultando ao Sr. Alcalde para asinar todas aquelas actuacións necesarias para a formalización desta cesión.

Non habendo intervencións, adóptase, polos votos a favor do PP, PSdeG-PSOE e MÓVETE, e coa ausencia do concelleiro do BNG, o seguinte **ACORDO**:

Visto o Convenio de Cooperación entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello da Estrada para a construción do novo Centro de Saúde,

Vista a Memoria Descritiva Parcela para construción do novo Centro de Saúde Concello da Estrada onde se establece a parcela que vai ser obxecto de cesión: Parcela Estadio 4 Segregada do PEID Estadio Municipal, ubicada na Baiuca, Avda. Benito Vigo- Avda. da Torre- A Estrada

Visto o expediente de desafectación seguido ao respecto culminado co acordo plenario de data 22 de xuño de 2017.

Vista a súa inscrición no Rexistro da Propiedade como ben patrimonial.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 13/09/2017.

Visto o informe emitido pola Sra. Secretaria con data 13/09/2017.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 14/09/2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión do 18/09/2017.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Iniciar expediente para ceder gratuitamente o ben inmobile Parcela Estadio 4 segregada, (ref. Catastral 2565059NH4226N0001BX, Superficie: 4262 m2 e Lindeiros: Norte Avda Benito Vigo (N-640); Sur e Leste a ref. Catastral 2565058NH4226N0001AX, titularidade Concello da Estrada; e Oeste a ref. Catastral 2565057NH4226N0001WX, titularidade Concello da Estrada) a favor do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) para a construción do novo Centro de Saúde, fin que redunda en beneficio dos habitantes do noso termo municipal.

Segundo.- Someter o expediente a un período de información pública por prazo de quince días mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

Terceiro.- Remitir o expediente para o seu coñecemento á Consellería competente en materia de Administración Local.



Cuarto.- O Concello comprométese a asumir os gastos derivados de facer chegar as infraestruturas existentes ao Centro de Saúde, tales como os necesarios para a construción dos accesos rodados e peonais, abastecementos, saneamentos, subministro eléctrico, alumeadado e telefonía.

Quinto.- No caso de non presentarse alegacións ao respecto, o acordo plenario inicial elévase a definitivo, sen trámite adicional. No caso de existir alegacións, resolveranse polo Pleno municipal na sesión que corresponda.

Sexto.- Facultar ao Alcalde-Presidente do Concello da Estrada para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para formalizar dita cesión.

Expediente 3264/2017. DECLARACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE COMO DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 8,
Ausentes: 1

Toma a palabra o Concelleiro **D. Alberto Blanco** resumindo o fondo da proposta dicindo que, á vista do Convenio asinado co SERGAS e co expediente de cesión da parcela para a construción do novo Centro de Saúde (tratado no punto anterior), así como tendo en conta o carácter de utilidade municipal ou interese público, preténdese nesta punto recoñecer estes dous últimos aspectos.

Por outra banda, ao abeiro da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, proponse conceder unha bonificación do 95% sobre este imposto.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para dicir que, a pesares de que coincide en que a construción dun novo centro de saúde é de interese para os veciños/as da Estrada, pon en dúbida de que sexa o momento adecuado para fixar a bonificación no ICIO, xa que debería acordarse cando se redacte o proxecto, se calcule o gasto e sexa emitido informe pola Intervención municipal, previa solicitude da empresa construtora; polo que o seu grupo político se absterá na votación.

A voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, manifesta que espera que o SERGAS non se demora moito no tempo para a construción deste novo centro de saúde, porque o que é este Concello está a poñer todos os medios para axilizar os trámites necesarios.

O **Sr. Alcalde** informa que a solicitude formal desa declaración de interese público está feita por parte do SERGAS, ao igual que a petición da bonificación no ICIO (presentadas no rexistro xeral de entrada con data 19/09/2017), as cales constan no expediente, dando contestación a estas peticións nesta sesión plenaria, porque o dito organismo quere, de maneira



inmediata, publicar o proxecto e iniciar a licitación. Continúa aclarando que a partir de mañá o SERGAS disporá con toda a documentación necesaria e requirida para comezar co procedemento de contratación e posterior construción do centro de saúde, constándolle que o farán, dentro dos prazos establecidos, sen demora.

A **Sra. Belén Louzao** lamenta que sexa incorporada documentación ao expediente despois da celebrada da Comisión Informativa (referíndose ás solicitudes do SERGAS), polo que considera que debería ser necesaria a emisión de informe por parte da Intervención municipal en relación á petición de bonificación no ICIO, porque, a pesares de que existe unha Ordenanza que a regula, débese contar con dito informe por seguridade xurídica. Volve a trasladar que o seu grupo se absterá na votación porque, aínda que comparte o fondo da proposta, non está de acordo coa forma de tramitación do expediente.

Responde que o **Sr. Alcalde** que, unha vez presentada a solicitude por parte do SERGAS, consultouse á Sra. Interventora, a cal comunicou que, no momento en que se recoñece mediante acordo plenario a utilidade ou interese público, automaticamente aplícase a bonificación do 95% no ICIO, non sendo necesario informe ao respecto, sendo esta a causa pola que non existe informe do órgano interventor en relación a esa bonificación.

Non habendo máis intervencións, adóptase, polos votos a favor do PP e MÓVETE, a abstención de PSdeG-PSOE, e coa ausencia do concelleiro do BNG, o seguinte **ACORDO**:

Visto o Convenio asinado co SERGAS para a construción dun novo Centro de Saúde nunha parcela sita na Baiuca.

Vista a necesidade de construír un novo Centro de Saúde tendo en conta a situación de precariedade na que se atopa o centro actual, que inflúe dun xeito negativo na prestación do servizo.

Visto que a utilización do novo centro vai dirixido a un gran número de estradenses que precisan dunhas instalacións sanitarias de calidade.

Visto o artigo 8 da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que dispón: "*Establécese unha bonificación do 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros*".

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 14/09/2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 18/09/2017.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Declarar a obra de construción do novo Centro de Saúde deste



Concello como de especial interese ou utilidade municipal, aos efectos dunha posterior bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Segundo.- Outorgar unha bonificación do 95 por cento da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras á construción do novo Centro de Saúde, con arranxo ao establecido na Ordenanza Fiscal nº 4 do Concello da Estrada Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Expediente 2012/2017. SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 10, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto Blanco**, que comeza a súa intervención dicindo que, á vista a da solicitude do traballador D. Carlos Failde Pereiras de compatibilidade da súa relación laboral municipal con actividades alleas á mesma, e de acordo coa normativa aplicable e co informe emitido pola Secretaría (favorable á solicitude), propónse que sexa recoñecida dita compatibilidade.

Pide a palabra a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que o que se está a propoñer neste punto e moi estraño despois de todas as voltas que levou este asunto e recollidas na prensa, así é: unha solicitude de excedencia polo interesado, que se diga que existe a posibilidade de contratar, despois se di que as empresas vinculadas a este traballador non poden contratar con este Concello,...., e agora se propón a concesión da compatibilidade. Non pon en dúbida de que sexa posible o recoñecemento dunha segunda actividade para calquera traballador municipal, pero si dubida e non está de acordo co procedemento que se está a seguir neste expediente en concreto, xa que se está a conceder cunha serie de condicións que o grupo de goberno sabe que se están vulnerando a día de hoxe, polo que non lle parece que se estea procedendo legalmente; de feito a primeira condición que se lle pon é que non se comprometa a imparcialidade e a independencia do traballo que se fai e todos sabemos cal era a finalidade neste caso das propostas e cales eran os adxudicatarios (empresas relacionadas con este traballador) de subministros ou traballos vinculados co seu posto de traballo (protección civil); outra condición é que non se pode contratar de xeito directo ou a través de terceiros coas empresas nas que o traballador é xerente, sen embargo nos últimos anos ditas empresas fixeron contratas e subcontratas con este Concello, vulnerando a lei, incluso ao longo do presente ano, de feito hoxe, enfronte do edificio da Policía Local, podíase ver aparcado un vehículo municipal deste servizo (Nissan Patrol) que tiña unha pegatina de Ricarsat (empresa vinculada ao Sr. Failde), polo que supón que aínda está a facer traballos para o noso Concello, non cumpríndose as condicións necesarias para que nestes momentos se lle outorgue a compatibilidade.

Ante o manifestado a Sra. Louzao di que o seu grupo non pode votar a favor do

Concello da Estrada



recoñecemento de compatibilidade a favor do Sr. Failde, sobre todo sabendo que o grupo de goberno é coñecedor de que dito traballador non cumpre os requisitos para elo.

Por outra banda, di que outra das condicións que se lle pide é manter o seu horario de traballo, lembrando que o grupo de goberno xustificaba o importe que se lle daba por produtividade na súa dedicación ao seu traballo as 24 horas, non entendendo que se xustifique este punto cando tamén dedícalle tempo as súas empresas.

Polo tanto, considera que dito traballador non cumpre coas condicións que se lle esixen para outorgarlle a compatibilidade solicitada, sendo coñecedor o grupo de goberno desta ilegalidade e, ante dita vulnerabilidade legal, o Partido Socialista non poden apoiar esta proposta e votará e contra, sobre todo tendo en conta que é sabedora que non é certo que se resolvera a excedencia (había Decretos da Alcaldía concedéndoa), que non é certo que o traballador puidese contratar co Concello a través da empresa da súa muller (tal e como di o informe da Secretaría), e agora se lles quere mentir novamente ao dicir que o nomeado traballador vai a cumprir estas condicións cando é coñecedor que na actualidade non se están a cumprir.

Toma a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, para manifestar que a súa posición ante a concesión de compatibilidade ao traballador D. Carlos Failde é totalmente en contra, por considerar que supón unha falta de respecto absoluta á moralidade da actividade administrativa, ademais de considerar que conceder esta compatibilidade despois do acaecido é unha tomadura de pelo ao resto das organizacións políticas e aos veciños en xeral; porque é un asunto que se está a tratar de aclarar dende o mes de xuño, de feito no pasado mes de outubro se lles dicía que no ano 2014 o Sr. Failde cambia a súa relación coa empresa Ricarsat, pasando de ser comercial a responsable directo da mesma, non comunicando dito cambio ao Concello, polo que a partires do mes de xaneiro dese ano páganse unha serie de facturas que son nulas de pleno dereito (tal e como recolle o informe de Secretaría) e, tendo en conta que o Sr. Failde é unha persoa de total confianza do Sr. Alcalde, xa que este último o puxo no cargo de Coordinador de Emerxencias unha vez chegou á Alcaldía no 2011, dedúcese que debería haber perdido a confianza no dito traballador ao omitir a información sobre o cambio de status na dita empresa, sinal de elo son unha serie de facturas emitidas a nome do Concello.

Polo anterior, considera a Sra. Blanco que o Concello tería que estar interesado en aclarar esta situación, por estar en xogo a credibilidade da actual corporación, depurando responsabilidades e escoitando ao departamento de Intervención (órgano que aprobou o pagamento das facturas emitidas pola empresa vinculada a o Sr. Failde) . En definitiva, di que se debe actuar en consecuencia e, antes de aprobar a proposta de concesión de compatibilidade a este traballador, débese contar co informe de Intervención para verificar e certificar a nulidade de pleno dereito das facturas emitidas con posterioridade ao ano 2014.

O **Sr. Blanco Carracedo**, en contestación ás intervencións anteriores, di que se están a confundir os temas, porque o que se está a tratar neste punto é a concesión da compatibilidade a un traballador e non dun procedemento de contratación de empresas. Di que, contrariamente ao que dixo a voceira do Partido Socialista, non existe conflito de intereses entre a labor que

desenvolve o Sr. Failde no ámbito municipal e o seu ámbito privado, para entendela só se deben ler os estatutos e interpretalos doutro xeito é un erro. No que se refire ao horario e á dispoñibilidade, di que son dúas cousas distintas e o que non se pode pretender é que esta persoa traballe 24 horas para o Concello, xa que dispón dun horario determinado e fóra deste poderá exercer a súa actividade privada, sen embargo polo carácter do seu posto de traballo ten que estar dispoñible as 24 horas do días para casos de emerxencias. Con respecto á produtividade, esta se valora en base á forma na que realiza as súas funcións así como á especial dedicación e non polo posto de traballo que ocupa.

Por último, di que negar a solicitude de compatibilidade deste traballador (que se axusta á lei) sería unha irresponsabilidade e unha ilegalidade.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para dicir que o cualificar esta proposta como unha tomadura de pelo é marxinar e mancillar os dereitos dun traballador, porque aquí só se está a tratar se ten dereito ou non á compatibilidade e nada máis e, para este fin, conta con informes favorables; sen embargo, se a oposición vota en contra entón entende que a súa lexitimidade para defender os dereitos doa traballadores queda condicionada e entre dito, xa que en lugar de defender estes, están dando prioridade a cuestións políticas, a pesares de ser partidos de esquerdas. Continúa lembrando que os grupos da oposición están en contra da concesión da compatibilidade por mor da existencia dunha pegatina nun vehículo municipal, cando todos somos sabedores que cando gobernaba o Partido Socialista a empresa Maceiras Filloy facturaba pedra para o Concello e ninguén veu ao Pleno para dicir que iso era un escándalo porque subcontractaba obras no Concello de A Estrada cando todos os sabían e era un tema que estaba na rúa; polo que considera que é excederse de maneira intencionada en cuestións que non teñen ningún tipo de fundamento, polo que todo se traduce na intención da oposición de enredar e, se esta é a intención, entón se pode seguir enredando con vinculacións de concelleiros con outras empresas e suposicións que todos entendían e, sen embargo, ninguén as cuestionou nin as levou a sesións plenarias, o que se traduce en que o seu grupo político ten outra categoría. Polo anterior, considera que a existencia dunha pegatina nun vehículo da Policía Local que fai referencia a unha empresa vinculada ao Sr. Failde non é argumento para denegar a compatibilidade a este traballador, pero se se considera que non é ético, entón igual de ético é cando gobernaba o bipartito PSOE+BNG e vostede (dirixíndose á concelleira do Partido Socialista Dña. Montserrat Maceiras Vicente) facturaba para o Concello, a diferenza é que para eles vale pero para outros non, sendo unha mostra do nivel e a categoría que hai neste debate.

Continúa dicindo que se está sometendo a votación o recoñecemento dun dereito dun traballador, ao abeiro dos informes favorables que constan no respectivo expediente e a oposición saberá cal será o sentido do seu voto, pero está claro que o seu grupo de goberno votará a favor, xa que para el é primordial a defensa dos dereitos dos traballadores, non sendo xustificación suficiente o haber pagado unhas facturas que suman 3.700,00 €, pero traslada que non se preocupen por este tema porque o seu grupo é ético e moral, ademais hai que ter en conta que ditas facturas derivan de traballos realizados no 2013, pero facturadas no 2014.

En definitiva, o Sr. Alcalde cualifica este debate dunha mascarada cando se está a falar



dun traballador que prestou e presta un servizo 24 horas durante 365 días ao ano, coordinando e xestionando durante os meses de verán a un operativo formado por 24 profesionais en emerxencias, incendios, etc., todo elo por un servizo extraordinario e puntual en anos anteriores, o que lle fai entender que se trata dun problema de fobia persoal hacia dito traballador, polo que considera que non se debe entrar neste tema por cuestións morais e éticas, considerando que este asunto está suficiente debatido, tanto nos medios de comunicación como nesta sesión plenaria e outras anteriores, polo que se debería votar o punto que se está a tratar e que é a concesión ou non da compatibilidade ao traballador D. Carlos Failde.

Pide a palabra, por alusións, a concelleira do Partido Socialista, **Dna. Montserrat Maceiras Vicente**, solicitando á Sra. Secretaría que conste en acta o que dixo o Sr. Alcalde na súa anterior intervención sobre a acusación de que ela facturaba a este Concello pedra da súa empresa, porque vai a ter que responder diso.

O **Sr. Alcalde** aclara que non dixo iso, senón que todo o mundo sabía.....

A **Sra. Maceira** lembra que está recollido no audio desta sesión.

O **Sr. Alcalde** contesta que lle parece ben que conste en acta o que está na gravación.

A **Sra. Maceira** considera que si para defender a un traballador ten que atacar a outra xente mal vamos, porque a defensa que fixo na súa intervención foi esa, aínda que despois pasou a enumerar as moitas cualidades do mesmo.

O **Sr. Alcalde** di que era coñecido que no ano 2011 ou 2010, cando a Sra. Maceira formou parte do goberno, se fixeron determinadas obras do Plan E neste Concello e o comentario que había na rúa era que parte da pedra que se poñía na Estrada proviña de Maceiras Filloy, aclarando que se está facendo eco dos comentarios que nesta época pululaban na rúa e, aínda así, o seu partido político non tivo a indecencia de traer ese tema a unha sesión plenaria.

(HAI INTERVENCIÓNS QUE NON SE APRECIAN NO AUDIO)

O **Sr. Alcalde** pide que non se poñan nerviosas (facendo referencias ás concelleiras do Partido Socialista), porque é fácil atacar pero é difícil encaixar, porque reitera que de todos é sabido, é así se falaba na rúa, que a pedra que se puxera era unha subcontrata dunha empresa que, curiosamente, cambio o obxecto social o mesmo día que se contratou a obra, porque para a adxudicación dun Plan E dun empedrado dos xardíns municipais a unha empresa vinculada a unha persoa do Partido Socialista (porque todos o coñecen) e, para iso, dita empresa mudou o seu obxecto social, que era de construción de madeira, mobles, acudindo ao notario o mesmo día da adxudicación, aspecto que está demostrado; e, supostamente, houbo quen dixo na rúa que a pedra fora subministrada por unha empresa da que era propietaria e socia unha



concelleira do Partido Socialista e, a pesares da dita información, ninguén fixo uso dela, a diferenza do que fai dito partido co tema do Sr. Failde, elevando o tema á categoría de denuncia pública, polo que advirte que tamén terán que demostrar as afirmacións sobre as facturas abonadas á empresa vinculada ao dito traballador no actual ano 2017 e, a partires de aí, o grupo de goberno calará, porque é moi fácil traer a debate plenario chismes e suposicións, cando se está a falar neste punto do recoñecemento dun dereito dun traballador municipal.

(INTERVENCIÓNS QUE NON SE APRECIAN NO AUDIO)

NESTE MOMENTO INCORPÓRASE Á SESIÓN O VOCEIRO DO BNG, SR. XOSÉ MAGARIÑOS, o cal pide desculpas, entendendo que non debe entrar en debate nin emitir o seu voto ou, polo contrario, si.

A **Sra. Secretaria** lle comunica que, unha vez sentado, enténdese que se incorpora á sesión plenaria podendo, polo tanto, intervir e participar na votación.

O **Sr. Magariños** di o seu voto vai a ser en contra, sentindo non poder argumentar o seu voto, sinalando que o sentido negativo débese esencialmente ao procedemento, xa que deberíase aplicar a mesma normativa que aos demais traballadores municipais e considera que neste caso non se aplica.

Intervén novamente a **Sra. Louzao** aclarando que o Sr. Alcalde alude a chismes da rúa, sen embargo eles se fundamentan en feitos, lembrando que o propio traballador declaraba que adaptara un vehículo municipal, xunto con outra empresa local, vulnerando unha das condicións que se enumeran na proposta para poder concederlle a compatibilidade; polo que o día que o reiterado traballador cumpra con todas as condicións, entón contará co apoio do seu grupo político, pero agora se está outorgando este dereito cando o grupo de goberno é sabedor que catro destas condicións non as cumpre, polo que non poden apoiar esta proposta.

Volve a pedir a palabra a **Sra. Mar Blanco** para dicir que se o Alcalde está tan seguro que esas facturas do 2014 ás que ela fixo referencia, e que considera que son nulas de pleno dereito, corresponden a traballos feitos no 2013, entón non entende o por que non se solicita informe de Intervención ao respecto, cando ela o pediu no mes de agosto e aínda non se emitiu, porque se existira podería estar hoxe votando a favor do outorgamento da compatibilidade.

O **Sr. Alcalde** considera que xa está suficientemente debatido este asunto e deberíase pechar o debate, considerando moi aventurado que a Sra. Concelleira do Partido Socialista afirme que o Sr. Failde está a incumplir os requisitos legais para a concesión da compatibilidade, porque cre que para elo debería ter algunha información a maiores porque entón podería estar pecando de exceso de celo e cebándose demasiado na figura dun traballador, pasando de ser unha cuestión administrativa a unha cuestión política e que non sabe



xestionar.

En contestación á voceira de MÓVETE lembra que nas súas declaracións na prensa falaba que se trataban de miles de euros cos que a empresa vinculada ao reiterado traballador se enriquecera do noso Concello, é tan só se tratan de 3.700 euros, polo que o Caso Failde se desinflou, converténdose nunha cuestión que non ten recorrido ningún, polo que cre que lle deron moita transcendencia e pompa, cualificándoo como un gran caso de enriquecemento ilícito e prevaricación extraordinaria e, ao final do seu proceso de investigación, quedan nunha reparación dun ordenador, na merca duns teléfonos móbiles e nunha pequena conta de alumado. Polo anterior queda tranquilo se esa é a única acusación contra á legalidade e honestidade do seu grupo de goberno.

Por último agradece o traballo da oposición, porque lle fai estar alerta e continuar traballando da mellora forma posible.

Pechado o debate, procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do PP e en contra do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a solicitude presentada polo traballador municipal, Encargado de Protección Civil, D. Carlos Failde Pereiras de compatibilidade da súa relación laboral municipal con actividades alleas á mesma como administrador único da empresa RICARSAT, S,L, e director mediante poder xeral da empresa EmerSAFE, S.L, sempre fóra do seu horario laboral, cunha dedicación aproximada de 25 horas semanais.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 14/09/2017.

Visto o Informe emitido pola Sra. Secretaría con data 14/09/2017.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de 14/09/2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 18/09/2017.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Recoñecerlle ao interesado a compatibilidade solicitada, compatibilidade que se axusta á normativa aplicable, sempre que se de cumprimento ás limitacións legalmente establecidas, salientándose a estes efectos as seguintes:

1. O exercicio do cargo, profesión ou actividade privada, autorizada, non poderá impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia (art. 1.3 LI), non actuando en asuntos relacionados coa súa actividade como traballador municipal, coa propia institución do Concello ou dentro do termo municipal da Estrada.
2. Non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen



- directamente coas que desenvolva no Concello da Estrada (art. 11 LI).
3. O desempeño da actividade privada cuxa compatibilidade se solicita non se relacione directamente coas que desempeñe no concello da Estrada nin de lugar á intervención en asuntos nos que este intervindo, interviñera ou teña que intervir por razón do posto público (art. 12 LI).
 4. O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedará automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto no sector público (art. 14 LI).
 5. A contía do complemento específico a percibir polo interesado non poderá superar o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade (art. 16.4 LI).
 6. As dúas empresas nas que o traballador municipal posúe unha participación superior ao 10% non poden contratar co Concello da Estrada, por concorrer a causa de prohibición de contratar recollida no art. 60.1.g) do TRLCSP

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado xunto co seu réxime de recursos.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas trinta e un minutos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO 1

APLICACIÓN	TERCEIRO	DESCRICIÓN	IMPORTES
920.0.233.00	Ramón Brea Villaverde	Asistencia como <i>presidente</i> do tribunal para cubrir en interinidade unha praza de auxiliar de tesourería. (8 <i>asistencias</i>)	[39,78 € x 8] 318,24€
920.0.233.00	Mª Herminia Porto Valcárcel	Asistencia como <i>vogal</i> do TRIBUNAL para cubrir en interinidade unha praza de auxiliar de tesourería. (7 <i>asistencias</i>)	[36,72 € x 7] 257,04 €
920.0.233.00	Paula Yebra Rovira	Asistencia como <i>vogal</i> do tribunal para cubrir en interinidade unha praza de auxiliar de tesourería. (5 <i>asistencias</i>)	[36,72 € x 5] 183,60 €
920.0.233.00	Mónica Cardona Constenla	Asistencia como <i>vogal</i> do tribunal para cubrir en interinidade unha praza de auxiliar de tesourería. (8 <i>asistencias</i>)	[36,72 € x 8] 293,76 €
920.0.233.00	Miguel Angel Durán Constenla	Asistencia como <i>vogal</i> do tribunal para cubrir en interinidade unha praza de auxiliar de tesourería. (3 <i>asistencias</i>)	[36,72 € x 3] 110,16 €
920.0.233.00	María Jesusa Fernández Bascuas	Asistencia como <i>secretaria</i> do tribunal para cubrir en interinidade unha praza de auxiliar de tesourería. (8 <i>asistencias</i>)	[39,78 € x 8] 318,24 €
920.0.233.00	Marcos Andújar Mato	Asistencia como <i>asesor</i> do tribunal para cubrir en interinidade unha praza de auxiliar de tesourería. (1 <i>asistencia</i>)	[36,72 € x 1] 36,72 €
TOTAL.....			1.517,76 €

ANEXO 2

aplicación	descripción	nome e apelidos	euros
132.150.00	Cesión horaria 2015	José Luis Loureiro Rey	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	Aurelio Fernández Bascuas	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	Santiago Campos Villaverde	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	José Antonio Álvarez Vázquez	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	José Luis Rey García	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	José Luis Coto Cabana	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	Luis Magariños Camino	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	José Sanmartín Fernández	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	José López Louro	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	Rafael Cardona Constenla	1.040,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	José Enrique Loureiro Carbón	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	Francisco Quintero Torres	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	Pablo Gómez Crespo	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	Raúl Castro Bernárdez	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	Ventura García Rosende	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	D. Roberto Rodríguez Chao	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	D. Javier García Calvo	1.560,00
132.150.00	Cesión horaria 2015	D. Javier Míguens Magariños	901,24
		suma.....	26.901,24